

VINCULACIÓN DOS INVESTIGADORES AO GRUPO

Última actualización: 17-01-2008

Este documento recolle as posible vinculación dun investigador a un Grupo de Investigación en función do perfil do investigador.

Investigadores Principais: (IP)

Definición: Profesores doutores vinculados estatutaria ou contractualmente coa USC, así como os doutores contratados pola Universidade de Santiago de Compostela no marco de programas que habiliten a súa condición de investigadores:

Perfis:

- PDI doutor
- Programa Ramón y Cajal
- Juan de la Cierva
- Isidro Parga Condal
- Ángeles Alvariño
- Posdoutorais do MEC

Membros do grupo de investigación: (Membros)

Definición: Profesores vinculados contractual ou estatutariamente coa USC que non acadasen o título de doutor.

Perfis:

- PDI non doutor

Investigadores en formación e Perfeccionamento (IFP)

Definición:

Tal e como establece o artigo 34º dos estatutos da USC, os investigadores en formación e perfeccionamento son titulados universitarios que acadaron o diploma de estudos avanzados ou equivalente, que realizaron actividades de investigación e que están vinculados á universidade nalguna das seguintes categorías:

- a) Matriculados en etapa de tese, que a estean realizando cunha dedicación maior ou igual á media xornada.
- b) Bolseiros ou bolseiras de investigación no marco dunha convocatoria pública.

Perfis:

Sempre e cando teñan o DEA ou sexan doutores:

- Contratados PosDoutorais da USC.
- Bolseiros Predoutorais USC
- BII - Bolseiro de Iniciación á Investigación
- Bolseiros FPI
- Bolseiros FPU
- Bolseiros de terceiro ciclo
- Predoutorais Xunta
- Bolseiros de convocatoria pública de outras entidade
- Predoutorais Relacións Internacionais
- Contratados FPI
- Contratados FPU
- Contratados María Barbeito
- Bolseiros de premios estatais
- Bolseiros Predoutorais de Formación en Investigación
- Matriculado en etapa tese a tempo completo

Persoal de Apoio: (PA)

Definición: Aquel persoal vinculado de forma conxuntural ás actividades do Grupo mediante contrato laboral ou bolsa financiada con cargo a proxectos, actividades de investigación ou outros recursos propios

Perfis:

- Contratados en Contratos e Proxectos

- Técnicos de proxectos de I+D
- BII - Bolseiro de Iniciación á Investigación *
- BC - Bolseiro de Colaboración en Contratos e Convenios
- BAI - Bolseiro de Apoio á Investigación
- Predoutorais Relacións Internacionais *
- Bolseiros FPU *
- Bolseiros FPI *
- Contratados Lucas Labrada
- Contratados Isabel Barreto

* De ter o DEA será considerado IFP

Colaborador externo (CE)

Definición:

Aqueles investigadores que pertencendo a un centro de investigación alleo á USC colaboren de xeito habitual e fidedigno nas actividades e produción do grupo.